

Como xa sabedes o período de confinamento nos domicilios a causa do COVID-19 ampliouse outros 15 días. Dende o centro seguiremos programando tarefas para todos os niveis, para tratar de seguir en certa medida o ritmo de traballo do curso e sobre todo que @s [nen@s](#) manteñan unhas rutinas nas que caiba de todo: tarefa escolar, tv, exercicio físico, asemblea familiar, manualidades, pantallas (tablet, móbil, consolas)... Sempre dende unha perspectiva de variedade e respectando un límite horario para cada actividade.

Como somos un colectivo ó que nos une moitas horas de relación cada día ó longo de moitos anos, queremos propoñer unha tarefa que contribúa a alimentar ese espírito de grupo e nos dea ánimos para superar esta proba que nos tocou vivir. Cada [alumn@](#) e coa periodicidade que queira, elaborará unha flor empregando os materiais que teña na casa. A idea é que cando se reinicien as clases con normalidade, [tod@s](#) aporten as súas flores e poidamos facer unha gran ofrenda floral como símbolo da superación desta crise. Propomos varios enlaces de exemplos de elaboración de flores, con diversos graos de complexidade. Escollede os modelos que queirades, incluso podedes probar con varios distintos.

Flores 1	Flores 2	Flores 3	Flores 4
--------------------------	--------------------------	--------------------------	--------------------------

Unha aperta para [tod@s](#). Moito ánimo!!!

NOTA: Ademais dos recursos que propoñen dende as titorías, tamén podemos recurrir a:

[Repositorio Abalar](#)

[Educlan](#)

[Aprendemos en casa](#)

RECORDAMOS SISTEMAS DE CONTACTO CO CENTRO

Teléfono do centro: 988372043

Correo electrónico: ceip.curros.ourense@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurrosourense/>

Departamento de Orientación: maria.paz.ares.casal@edu.xunta.es



